CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae idea principal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Expresa resultados dunha investigación con coherencia.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa a súa opinión e respecta a dos/as compañeiros/as.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita..	Recoñece e fai uso de sinónimos, antónimos, familias de palabras, aumentativos, diminutivos, palabras polisémicas. Aplica as normas básicas de ortografía.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Razona e emprega unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Utiliza os buscadores para recabar información		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expón a súa opinión sobre lecturas realizadas.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa poemas con palabras dadas. Escribe pequenos textos seguindo un modelo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral

Contidos

- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumando, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente globalizada, crítica, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, que permita integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Procúrase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terase en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Dadas as características do alumnado, partimos dun enfoque globalizador e integrador, tendo en conta os seguintes principios:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumando, das súas motivacións e das súas aprendizaxes previas, asegurándonos que posúen os requisitos básicos para poder abordar a nova aprendizaxe.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas relacionando os coñecementos previos e os novos.
- Posibilitar que os alumnos e alumnas realicen aprendizaxes significativas por eles e elas.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.
- Atender á diversidade do alumnado, tendo en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- Fomentar que o alumnado aprenda a aprender, promovendo o desenvolvemento da autonomía. Os alumnos e alumnas deben coñecer os obxectivos e finalidades que se pretenden conseguir e ser conscientes dos propios erros para poder superalos.
- Fomentar o traballo cooperativo, a participación activa, a resolución pacífica de conflitos e a tutoría entre iguais.
- Introducir as TICS no proceso de aprendizaxe, xa que permiten facilitar cambios metodolóxicos que proporcionan novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia.
- Incorporar un tempo diario de lectura, xa que esta constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.
- Tratar de modo transversal a prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia
- Contribuír ao desenvolvemento da intelixencia emocional.
- Promoción de estilos de vida saudables, acorde co lema do noso centro "Móvete máis e aliméntate mellor".
- Participación no Plans Proxecta e Voz Natura.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto e cadernos de actividades
Tele educativa
Fotocopias para actividades de reforzo e ampliación
Biblioteca do centro e de aula

Materiais dos alumnos (cadernos de clase, lapis, gomas, etc.)
Xogos variados
Materiais audiovisuais
Aula virtual

Ademais do citado anteriormente, cando se considere necesario farase uso doutros espazos e instalacións dispoñibles no centro: salón de actos, pista cuberta, aula de educación física, pavillón, espazos verdes ao aire libre e laboratorio. En canto ao uso de medios informáticos, terase en conta a posibilidade de intercambio de experiencias con outros centros.

As actividades propostas na aula virtual quedan a disposición dos alumnos que desexen revisalas dende as súas casas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso, realizarase unha avaliación inicial baseada en probas escritas e orais, na que se incluírá a análise dos informes persoais do curso anterior e a información obtida das familias, para adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	9	8	8	8	8	9	8
Proba escrita	55	50	45	45	45	50	50	45	35	45
Táboa de indicadores	45	50	55	55	55	50	50	55	65	55

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	100
Proba escrita	45	45	46
Táboa de indicadores	55	55	54

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

- Realizarase unha proba obectiva en cada unha das Unidades Didácticas, valorando os contidos e competencias adquiridas.
- Mediante a observación directa e sistemática completárase unha táboa de indicadores, coa que valoraremos os seus traballos na aula, así como as interaccións orais.
- Por último, terase en conta a actitude ante a materia (atención, participación, esforzo, colaboración, respecto e autonomía) e cos seus compañeiros e compañeiras.

É importante informar ao alumno ou alumna individualmente e darlle as instrucións necesarias para que saiba o que precisa realizar para acadar os mínimos correspondentes e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Para a avaliación do alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para a calificación dos trimestres, a nota extraeráse da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades Didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade Didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores e probas escritas. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, sexa un resultado con decimais, por defecto aplicárase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 50 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

O alumnado superará a materia, tendo en conta a Orde do 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, tendo como referentes os criterios de avaliación, e cando acade o 5 despois da realización da media aritmética das porcentaxes obtidas nos distintos instrumentos de avaliación.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñeráse en marcha un Programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade. Tamén se conta co compromiso das familias no que se especifica a importancia da súa axuda nos aspectos de organización e repaso.

Ademais revisaranse os informes individualizados finais dos mestres e mestras do curso anterior para que este alumnado, ao igual que o resto, sexa capaz de acadar as competencias e os obxectivos propios do nivel que quedaron sen traballar no último trimestre.

6. Medidas de atención á diversidade

A lexislación actual destaca a importancia dunha educación inclusiva que recoñeza a diversidade do alumnado. Para desenvolver este principio, búscase que a aula sexa un lugar no que todo o alumnado teña cabida, independentemente das súas características persoais, os seus intereses, circunstancias...

As diferenzas son consideradas un factor enriquecedor, evitando que estas se conviryan en desigualdades ou desvantaxes, pois todos e cada un de nós somos diferentes e únicos.

Despois de recoller e analizar a información obtida na avaliación inicial, adaptarase a práctica educativa para poder axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás diferenzas individuais do alumnado, de forma que poida:

- Consolidar os obxectivos e competencias cuxa adquisición supoñan unha maior dificultade.

- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.

- Enriquecer o coñecemento daqueles temas sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, poranse en funcionamento as medidas que se indiquen desde o Departamento de Orientación en coordinación co titor ou titora do alumno ou alumna, tal e como vén establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O proceso de ensino-aprendizaxe basearase en:

- Flexibilización do tempo para a realización das actividades, tarefas e proxectos, para todo o alumnado que o precise.

- Adaptación ás necesidades específicas do alumnado, reforzando e adaptando recursos e materiais.

- Reforzo educativo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.

- Implicar ás familias no proceso de enseñanza-aprendizaxe de cara a reforzar, colaborar e contribuír a favorecer a este proceso.

Ademais, teranse en conta as medidas ordinarias e extraordinarias:

Medidas ordinarias de atención á diversidade

Facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características do alumnado. A finalidade é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular,

motivación, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel. Algunhas medidas ordinarias son:

- Variación nos agrupamentos en función da tarefa: grupos cooperativos, parellas, titorización por parte dun compañeiro.

- Estructuras de aprendizaxe cooperativa.

- Reforzo educativo por parte da titora: afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuenciación de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

Medidas extraordinarias de atención á diversidade

Dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

- Adaptacións curriculares: modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación), para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivada por unha determinada dificultade persoal ou polas súas capacidades excepcionais.

- Agrupamentos flexibles: poderanse constituír con carácter temporal, como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial.

- Intervención específica do profesorado AL e PT, intervencións coordinadas polo DO. Traballarase en coordinación con eles para cubrir as distintas necesidades dos alumnos que poidan recibir apoios, tanto dentro coma fóra da aula de referencia.

- As intervencións serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que están debidamente previstos nas adaptacións curriculares. Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

No presente curso continúaase cunha adaptación curricular significativa para un alumno da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión verbal e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Uso dunha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prevención da violencia de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento da igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión e expresión verbal e escrita	X	X	X	X
ET.2 - Uso dunha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.5 - Prevención da violencia de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X

Observacións:

Traballaranse segundo a programación de aula a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado. En todas as áreas poñerase atención á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado, á selección de lecturas e materiais co fin de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo de todo o alumnado, tendo en conta especialmente aos alumnos e alumnas máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades propostas pola biblioteca e polo equipo de actividades complementarias	Participación en todas as actividades propostas ao longo do curso: Festa de Benvida, Samaín, Nadal, Entroido, Día da Muller, Os Maios...	X	X	X
Asistencia a unha obra teatral	Visita ao teatro para ver unha obra literaria (conto).	X		
Lectura conxunta de obras da literatura galega	Lectura conxunta de obras da literatura galega	X	X	X

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de actividades a nivel de centro na que participa todo o alumnado en datas sinaladas: Festa de Benvida, Samaín, Nadal, Entroido, Día da Muller, Os Maios... E outras con carácter trimestral ou ao longo do curso, como os apadriñamentos lectores e outras actividades propostas dende a Biblioteca do centro.

Todas e cada unha das actividades complementarias son integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, e fomentan a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As UD foron deseñadas tendo en conta as características e necesidades do alumnado.
O traballo das competencias que deben adquirir os alumnos e alumnas ao final da escolaridade están claramente definidos.
Fixáronse obxectivos de aprendizaxe coherentes.
Os contidos a traballar corresponden aos obxectivos establecidos.
Metodoloxía empregada
Foméntase a motivación do alumnado, mantendo o seu interese, para conseguir a súa participación activa.
A metodoloxía está claramente formulada, existindo unha coherencia entre esta e as accións levadas a cabo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización é adecuada para o traballo dos contidos.
Empréganse recursos variados para a presentación de contidos e a realización das tarefas.
Os recursos espaciais, materiais e temporais están ben definidos e existe unha coherencia entre os mesmos.
Aprovéitanse todos os recursos dos que dispón o centro.
Medidas de atención á diversidade
Propóñense medidas de atención á diversidade adecuadas para atender ao alumnado.
Tense en conta a diversidade xeral dos alumnos e alumnas e, especialmente, a de aqueles que presentan NEAE.
Clima de traballo na aula
Xérase un clima de traballo favorecedor para o fomento do respecto e a colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
O equipo docente coordínase de cara a favorecer a aprendizaxe do alumnado.

Outros
As características xerais do grupo-clase están ben descritas.
A organización da clase está adaptada ás características do grupo.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de avaliación, obxectivos, contidos e a metodoloxía están relacionados entre si de forma adecuada.

Descrición:

Tomaranse datos ao longo do proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno. Ademais do seguimento diario nas correspondentes sesións, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

Ao remate do 3º trimestre realizarase un cuestionario ao alumnado, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

En canto á comunicación cos mestres do curso farase no centro cando se considere necesario e tamén nas correspondentes reunións de ciclo así como ó equipo docente nas xuntanzas de avaliación trimestrais.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio tendo en conta o número de sesións das que se dispón, de cara á elaboración de seguintes PD.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación. A programación é flexible, permitindo correxir e modificar aqueles aspectos que se consideren necesarios.

- Realizarase a avaliación das programacións de aula atendendo aos seguintes indicadores:

Desenvolvemento en clase da programación.

Relación entre obxectivos e contidos.

Adecuación de obxectivos e contidos ás necesidades reais.

Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.

Tamén se terán en conta estes aspectos:

- Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distinción de responsabilidades.

- Planificación das tarefas. Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.

- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os alumnos e alumnas, así como entre os alumnos e alumnas e os profesores e profesoras.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020982	CEIP Plurilingüe O Ramo	Fene	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	69
4.2. Materiais e recursos didácticos	69
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	70
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	70
6. Medidas de atención á diversidade	71
7.1. Concreción dos elementos transversais	72
7.2. Actividades complementarias	73
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	74
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	75
9. Outros apartados	75

1. Introducción

Esta programación está destinada a un grupo de 21 nenos e nenas, 12 nenas e 9 nenos, do 3º curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe O Ramo, un centro de liña 1 situado en Barallobre, no municipio de Fene (A Coruña). Entre estas criaturas, atopáse un alumno con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), que posúe unha adaptación curricular.

Con respecto á zona, atopámonos arrodeados de espazos naturais, cunha contorna privilexiada (preto da ribeira), e nun núcleo semiurbano. Isto permítenos aproveitar os recursos dispoñibles, así como as instalacións do centro.

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. Temos en conta o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte...

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ó longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e de comprensión e expresión escrita.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques: A lingua e os seus falantes. Comunicación oral. Comunicación escrita. Alfabetización mediática e informacional. Educación literaria. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da programación.

Por outra banda, para a elaboración desta programación, tívose en conta o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e algúns dos principios que nel se formulan :

- A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado desde unha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.
- As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¿Te presento a mi amigo?	Sinónimos. Sonido K. Comunicación y lenguaje. Poemas: canciones de juegos.	8	12	X		
2	¿Somos iguales?	Antónimos. Sonido G suave. La oración: sujeto/predicado. Textos informativos. Las páginas web.	9	12	X		
3	¿Me echas una mano?	Polisemia. Sonido J. Sonidos y letras. Poemas encadenados: retahílas.	8	12	X		
4	¿El tiempo está loco?	Palabras colectivas. Sonido R fuerte. La sílaba: clases. Las noticias.	8	12	X		
5	¿Cuidamos a los mayores?	Palabras derivadas. Palabras con -mb-/mp-. El sustantivo. Poemas dibujados: caligramas.	9	12	X	X	
6	¿Está de moda?	Aumentativos. Palabras terminadas en -y. Género en sustantivos. Carteles. La publicidad	8	12		X	
7	¿Hacemos las paces?	Diminutivos. Palabras terminadas en -z y en -d. El número en los sustantivos. Poemas para dormir: nanas.	9	12		X	
8	¿Sabemos comprar?	Palabras compuestas. Palabras terminadas en -illo/-illa. Los artículos y los demostrativos.. Textos informativos. Imágenes	8	11		X	
9	¿Qué hay ahí arriba?	Gentilicios. Palabras ha y a. Posesivos. Poemas divertidos: juegos de palabras.	8	11		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	¿Cuidamos la naturaleza?	Familias de palabras. La coma. El adjetivo. Folletos. Mapas.	9	12			X
11	¿Queremos un mundo más justo?	Palabras onomatopéicas. Signos de interrogación y exclamación. Pronombres personales. Poemas narrativos	8	11			X
12	¿Qué quieres ser de mayor?	Frases hechas. Los dos puntos. El verbo. Biografías. Datos	8	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¿Te presento a mi amigo?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Narra unha breve noticia dun feito acontecido próximo.	PE	30
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le coa velocidade axeitada á idade cunha lectura comprensiva.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un poema dado con coherencia e cohesión.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Le e identifica un poema entre outros fragmentos textuais		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Completa un poema coñecido.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	Recoñece os versos dun poema. Recoñece rima dun poema. Recoñece as estrofas.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara instrucións dun xogo en castelán e galego.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os sustantivos e adxectivos.. Escribe correctamente as distintas grafías do sonido K.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece e utiliza os sinónimos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Interésase por coñecer distintas formas de expresarse	TI	70
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada polo alumnado e profesorado.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación.	Emprega un tono axeitado.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o rodea.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Recoñece a idea principal.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Produce textos curtos coherentes.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais. Respecta as normas de cortesía.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Exprésase coherentemente en diferentes situacións.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e rexeita as discriminacións feitas nun debate sobre un tema		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Expresa opinión propia e respecta a dos seus compañeiros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le con fluidez e comprensivamente.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece estrofas e versos de poesías dadas.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.	Participa nas actividades realizadas na biblioteca. Segue as normas básicas de funcionamento da biblioteca de aula e de centro.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Razoa e emprega unha linguaxe non discriminatoria		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Expresa con respecto os datos sobre coñecidos personaxes masculinos e femininos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca libros na biblioteca.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Le co ritmo e a entonación adecuada ós tipos de texto.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios .		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa nas actividades de biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.
- Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.
- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.

Contidos

